



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DEFINITIVOS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS PARA AS PROBAS DO CELGA 3

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo décimo primeiro da Resolución do 6 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2018 (DOG núm. 51 do 13 de marzo de 2018),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados definitivos das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 12.3 da devandita Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notificaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

